

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 31/05/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **31/05/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 24 de Maio de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

- Visto o Informe Favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 23 de Maio de 2018, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Modificar o titulo habilitante concedido a Ana Maria Santamaria Insua, veciña de Fisterra para lavado e pintado de vivenda no sentido de que a via pública será ocupada nunha superficie de 9 metros por andamios en vez de máquina elevadora.-

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Autorización a ANTONIA NOGALES MARQUEZ, veciña de Fisterra para proceder á reparación dunha beirarrúa existente por diante da súa vivenda sita nesa zona con recheo e cemento ó encontrarse en mal estado de conservación, condicionada a que ditas actuacións levaráanse a cabo baixo a supervisión do Departamento de Urbanismo desta Corporación.-

3º.- Asuntos varios.-

INCENDIOS FORESTAIS

Vista a reclamación formulada por parte de M^a Angeles Esmorís-Recamán, veciña de Fisterra, en virtude de denuncia efectuada contra o titular da finca con Referencia Catastral 15038A023002170000FZ sita no Polígono 23, Parcela 217 na localidade de Calcoba deste Termo Municipal, recibida procedente da Xefatura Territorial do Servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais (Dilixencias Previas 17/105/15037/01-02--03 Lei 3/2007) ó estar emprazada en suelo urbano,

Se ben o estado actual da finca non se pode considerar perigoso para Incendios forestais ante a non existencia de biomasa que poida producilos tal e como se pode aprezar na documentación fotográfica que consta no expediente e tal como manifestaron os axentes forestais que se desprazaron ao lugar.

Ante a existencia de **árbores** (no presente caso, especie “**pinus pinaster**” coñecido como **pino galego, pino do país**) e a vista da comunicación recibida o día 16 de Abril de 2018 procedente da Xefatura Territorial do Servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais o día 16 de Abril de 2018 a través do Rexistro Xeral de Entrada 937 **que vén de considerar que:**

“O arborado sito en dita finca, pola súa proximidade á costa, podería considerarse con outros criterios como ornamental ou de interese paisaxístico máis alá dun criterio meramente forestal ”.

Considerando que a zona norte da Praia Langosteira está rodeada dun gran pinar, que lle confire un atractivo paisaxístico particular, pero que tamén constitúe un ecosistema singular digno de ser conservado.

Sen esquecer en ningún momento a cuestión de seguridade da vivenda propiedade da denunciante por un posible risco de caída de árbores, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Solicitar da Excma Deputación Provincial a elaboración dun Informe Xurídico sobre o asunto de referencia para que se poidan determinar as actuacións que debe adoptar este Concello coa finalidade de dar conclusión o expediente.-

2) Notificar este acordo á denunciante e a Xefatura Territorial do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para o seu coñecemento e demais efectos.-

TREN TURISTICO

Vista a petición formulada por parte de José Manuel Canosa Casais, no nome e representación de VIAJES BARREIRO Y SALGUEIRO S.L. con CIF B70106893 e domicilio social na Rúa Santa Catalina, 48 da Vila de Fisterra sobre solicitude de Autorización para circular un Tren Turístico de 50 prazas,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno local por Tres votos a favor e a non participación da Tenente de Alcalde, Soledad Vilela Romero, xustificando conflito de intereses no asunto, acorda:

1) Conceder a VIAJES BARREIRO Y SALGUEIRO S.L. Licenza temporal para o aproveitamento especial do uso das vías públicas municipais dentro da Vila de Fisterra para que poida levar a cabo dita Actividade de TREN TURISTICO, condicionada a que durante o seu percorrido:

a) Únicamente poderá efectuar visita de carácter turístico, que significa que recollerá os pasaxeiros no punto de saída e deixaraos no mesmo punto, non podendo recoller nin deixar pasaxeiros noutros puntos que non sexa o indicado ao efecto.

Os usuarios do servizo deben ser advertidos verbalmente deste particular, antes de adquirir o correspondente billete.

b) O seu itinerario será o seguinte:

Saída do Porto de Fisterra

- Rúa Federico Avila,

- Rúa Alcalde Fernández dirección ao Faro de Fisterra pola estrada de acceso ao mesmo, neste caso deberá estar en posesión da Autorización expedida polo Ente Público competente (Autoridade Portuaria).

Retorno

- Baixada pola estrada do Faro de Fisterra

- Rúa Vasco Pérez Mariño.-
- Rúa Manuel Lago Pais e Porto de Fisterra.

As paradas serán as descritas na Memoria presentada na solicitude pola citada Empresa, (Cabanas, zona cementerio de Portela e zona Faro).

c) Durante os días de Mercado (Venda Ambulante) o itinerario será unicamente polas tardes ou variar o retorno, debendo comunicar este extremo ao Concello coa antelación suficiente, para no seu caso, adoptalas medidas que considere necesarias.

d) Queda establecido un límite máximo de Cinco viaxes ao día (Ida e Volta), debendo comunicar a este Concello o Horario de Mañá e tarde para que poida aceptarse ou non. Este límite poderá reducirse polo Concello, cando as condicións así o aconsellen.

e) Esta Licenza temporal enténdese efectiva desde o día en que se reciba a notificación deste acordo ata o día 31 de outubro de 2018 .

f) Previas causas xustificadas e con audiencia da promotora, poderá procederse ao retiro desta licenza temporal no caso en que se produza o incumprimento das condicións impostas ou poida apreciarse que a utilización do Tren Turístico supoña un atranco grave para o normal desenvolvemento do tráfico urbano (polo seu percorrido).

g) A Empresa titular desta Licenza temporal deberá estar en posesión de todas e cantas Autorizacións administrativas sexan necesarias dos Organismos competentes para á súa posta en funcionamento incluídas as de Seguridade das persoas que poidan utilizar dito Tren Turístico (Dirección Xeral de Transportes, Turismo, Industria, Portos de Galicia, Autoridade Portuaria etc) así como estar na posesión dunha Póliza de Responsabilidade para este tipo de eventos.-

h) Deberá aboar dentro do prazo regulamentario a liquidación de taxas regulamentarias que se practicarán , por aproveitamento especial do solo, e están previstas na Ordenanza fiscal reguladora.---

SERVIZOS DE LIMPEZA

Como consecuencia da Adxudicación definitiva en expediente de contratación mediante procedemento negociado para prestación de servizos, visto o Informe favorable emitido por Secretaria-Intervención, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Prorrogar ata o día 3 de Xullo de 2019 o Contrato administrativo formalizado por esta Corporación o día 3 de Xullo de 2015 coa Empresa German José Lema Amigo, con NIF 79.317.902 X e domicilio na rúa Palomar " Edificio Gándara " 1 Baixo D da localidade de Sardiñeiro de Abaixo neste Termo Municipal de Fisterra, para seguir prestando os Servizos de Limpeza nas Dependencias Públicas a que se refire o mesmo polo importe mensual que viña percibindo de Catro mil setecentos trinta e nove euros con catorce céntimos (4.739,14 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido; todo elo de conformidade co disposto no Artigo 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro do texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público por quedar acreditada a existencia de consignación presupostaria.-

2) Notificar dito acordo a Empresa adxudicataria aos efectos legalmente establecidos.-

SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS

Como consecuencia da adxudicación definitiva en expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade obrigatoria para prestación de servizos, visto o Informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Prorrogar polo periodo de Un Ano mais, ata ó 30 de Xullo de 2019, o contrato administrativo formalizado por esta Corporación coa Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615, domicilio social na localidade de Senra-Bustelo do Termo Municipal de Dumbria (CP 15152) e que remata o día 30 de Xullo de 2018 para seguir prestando os servizos de Mantenemento e conservación das estacións depuradoras de augas residuais (principal) sitas na zona de Mar de Fora e da localidade de Denle neste Termo Municipal así como da rede municipal de sumidoiros por un importe de Cincuenta e nove mil oitocentos euros (59.800,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Cinco mil novecentos oitenta euros (5.980,00 €), todo elo de conformidade co disposto no Artigo 303 do Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro do Texto refundido da Lei de Control do Sector Público..-

2) Notificar dito acordo a citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos e publíquese anuncio no Boletín Oficial da Provincia.-

CESIÓN DE TERREOS

Como consecuencia da Condición de Cesión Gratuita de terreos efectuada a favor deste Concello nunha superficie de 180 m² e que foi imposta na Licenza de Parcelación Urbanística concedida por esta Xunta na sesión celebrada o día 19 de Abril de 2018 a nome de LUIS LOJO MOAR Y OTROS,

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda aceptalos e entendela cumprida na súa totalidade.-

VENDA AMBULANTE

(LISTA DE ESPERA)

A) Visto o escrito presentado co número **1244** (RE) de **15/5/2018** por **David Vázquez Rodríguez**, no que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de alimentación (xamóns, embutidos, salados, viños, licores, etc).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1º) **Incluílo na lista de espera de alimentación co número 25**, para adicarse á venda de produtos de alimentación (xamóns, embutidos, salados, viños, licores, etc)

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o escrito presentado co número **1342** (RE) de **25/5/2018** por **José Manuel Torreira Torreira**, no que solicita un posto na venda ambulante deste concello para adicarse á venda de produtos textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1º) **Incluílo na lista de espera da venda ambulante de produto textil co número 90**, para adicarse á venda de produtos do textil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

VADOS PERMANENTES

ALTAS

A) Visto o escrito presentado co número **1195** (RE) de **9/5/2018**, por **Santiago Castro Insua**, no que solicita autorización para a instalación dun vado permanente de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 126 m2, que facilite a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación que se localiza no baixo dereita da Avda da Coruña, 73 desta vila, con referencia catastral número **8612007MH7581S0001RU**.

Tendo en conta que o informe favorable que emitíu a arquitecta que presta servizos en materia urbanística neste concello o pasado día 28/5/2018, do que consta unha copia no expediente, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º **Conceder a Santiago Castro Insua**, licenza para a instalación do vado permanente número **3/2018** (chapa número **127**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 126 m², coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe que se localiza no baixo dereita da edificación da Avda da Coruña, 73 desta vila, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

-Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

-Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

-Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluilo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2018, cunha cota anual de **cento dezaoto euros** (118,00 €).

-Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o Concello.

-Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

-Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar as placas de cada un dos vados e colocalas nas inmedacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 1231 (RE) de 14/5/2018 por **María Nazaret López Traba**, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “hospedaxe en hostais e pensións “ALBERGUE”” que se localiza na pranta baixa e semisoto da edificación da rúa Alcalde Fernández, 41 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 5/6/2013, a Xunta de Goberno Local concedíulle a MAR DE ROSTRO, S.C., licenza definitiva de apertura de “hospedaxe en hostais e pensións “ALBERGUE” que se localiza na pranta semisoto e pranta baixa da edificación da rúa Alcalde Fernández, 41 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 4/7/2013, a Xunta de Goberno Local ampliou a licenza anterior concedida a MAR DE ROSTRO, S.C..

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre María Pilar Insua Rodríguez en nome e representación de MAR DE ROSTRO, S.C., e por María Nazareth López Traba.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por María Nazareth López Traba, para o inicio da actividade de “hospedaxe en hostais e pensións (ALBERGUE)” que se localiza na pranta semisoto e pranta baixa da edificación da rúa Alcalde Fernández, 41 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

AXUDAS ECONOMICAS

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente , a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. J. D. B., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Seiscentos euros (600,00 €) para gastos médicos e que lle serán abonadas nun periodo de Tres meses a razón de Douscentos euros (200,00 €) mensuais por tratarse de persoa carente de medios económicos.-**

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. C. T., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cincuenta euros (50,00 €) para gastos de desprazamento ó tratarse de persoa carente de medios económicos.-**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21: 20 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.